

REGULAMENTO I CARREIRA NOCTURNA **PORTA GRANDE DA COSTA**

1. **ORGANIZACIÓN:** A Asociación de Veciños Tabeirón organiza o I Carreira Nocturna de Baio Porta Grande da Costa, que se celebrará o próximo sábado 30 de xullo de 2022 na localidade de Baio.
2. **COLABORAN:** Para a celebración da proba colaboran o Concello de Zas e a Deputación da Coruña.
3. **EMPRAZAMENTO:** Praza Jorge Mira <https://goo.gl/maps/8mcZC12WvBThj6vt5>


3.1 Zona Saída: A saída da proba está situada na **Praza Jorge Mira**. Esta zona permanecerá pechada ao tráfico. Nela habrá:

- Servizo de roupeiro con bolsas identificadas polo nº de participante
- O remate da proba entrega de un aperitivo e bebida final.

3.2 ENTREGA DE DORSAIS E CHIPS: Zona Recepción e entrega Dorsais: está situada na praza **Jorge Mira**, donde se fai **entrega dos dorsais**.

3.3. Duchas: Os participantes, unha vez recollidos os dorsais Terán que acudir as zonas de aparcamento situadas no **Campo de Fútbol** donde está o servizo de duchas en cumprimento da normativa sanitaria vixente de cada Concello.

Campo Fútbol Platas Reinoso: <https://goo.gl/maps/cafrCYyRAkLCrku5>



- 4. PARTICIPANTES:** Nesta competición poden participar todas aquelas persoas que o desexen, tanto nenos/as como adultos (nados no 2019 e anteriores), sempre que estén inscritas nos prazos e formas establecidas pola organización, **os menores deberán aportar un permiso de consentimient firmado polos seus titores legais. (adxuntase na paxina de inscrición)**

A proba está limitada a un total de 600 participantes entre todas as modalidades.

5. CATEGORÍAS, DISTANCIAS, HORARIOS PREVISTOS DAS CARREIRAS

CATEGORÍA		IDADES	DISTANCIA	HORARIO SAÍDA
Pitufo	Mixto	2015-2019 (ambos incluídos)	230 metros	20:45 horas
Benxamín	Masculino Femenino	2013-2014	630 metros	21:00 horas
Alevín	Masculino Femenino	2011-2012	630 metros	21:00 horas
Infantil	Masculino Femenino	2010-2009		
Cadete	Masculino Femenino	2008-2007	3.000 metros	21:32 horas
Xuvenil	Masculino Femenino	2006-2005		
Sénior 3K Contra o Cancro	Masculino Femenino	2004 (incluído) e anteriores	3.000 metros	21:30 horas
Sénior 10K	Masculino Femenino	1983-2004		
Veteranos M40	Masculino Femenino	1973-1982	10.000 metros	21:45 horas
Veteranos M50	Masculino Femenino	1972 (incluído) e anteriores		

Os horarios das carreiras das distintas categorías serán establecidos polo organizador e poderán ser consultados na web de cronotec.es.

- 6. INSCRICIÓNS:** Para poder participar, deberase estar previamente inscrita na plataforma www.cronotec.es. Non se lle permitirá a súa participación a ningunha persoa que non teña o dorsal previamente entregado polos membros da organización e que non apareza nos listados facilitados por CRONOTEC.


Data límite : Ata o xoves 27 xullo as 23:59h . Non se admitirán inscricións fora de prazo.

- Prezo: 10€ non socios, 7€ socios Tabeirón Deportivo.


Non existe políticas de devolución salvo causa de forza maior.

7. PERCORRIDO:


Carreira 1: PITUFOS (230 metros): Saida dende a praza Jorge Mira e 1 volta polo paseo fluvial ata rampla de acceso a praza.



Carreira 2: Bexamín e Alevín (670 metros): Saida dende a praza Jorge Mira hacia o paseo fluvial, na isleta do merendeiro do paseo dase a volta hacia a praza para baixar pola rampla de acceso a praza.



Carreira 3: Sénior 3k, Xuvenil, Cadete, Infantil (3.000 metros)



Carreira 4: Sénior, Veterano M40, Veterano M50 (2 voltasx5.000 m=10.000 metros)



O percorrido estará sinalizado con cinta e marcas de cor azuis e brancas, sen do obrigatorio o paso por todos os postos de controis establecidos.

8. TEMPO DE CORTE: Haberá un punto de corte para os participantes na 10k, os participantes que sobrepasen as **22:30 horas no km5 (unha volta o circuito)**, serán obrigados abandonar pola organización e quedar no punto de partida na praza Jorge Mira.

9. AVITUALLAMENTOS:

Haberá avituallamento, líquido e sólido na meta.

10. DESCALIFICACIÓNS: Será obrigatorio cumprir o protocolo para o desenvolvemento da proba. Todo aquel que non o cumpra poderá ser descalificado.

Non se permite:

- Correr xusto detrás de outro participante molestando a este na carreira.
- Non levar visible o dorsal e o chip.
- Non realizar o recorrido completo.
- Manifestar un mal estado físico evidente

11. META: A proba remata ás 23.00h, todo participante que non chegue antes da hora indicada será descalificado.

12. RECLAMACIÓNS: As reclamacións deberán ser feitas verbalmente á organización, non mais tarde de 30 minutos despois de comunicarse oficialmente os resultados.

13. PREMIOS:

- 10 k

Categoría Masculina: 1º, 2º e 3º Clasificado e 1º clasificado Veterano M40, Veterano M50

Categoría Femenina: 1º, 2º e 3º Clasificada e 1º clasificado Veterana M40, Veterana M50

Participante Concello Zas: Mellor clasificado Masculino e Femenino

Participante SocioTabeirón Deportivo: Mellor clasificado Masculino e Femenino

- 3 k

Categoría Masculina: 1º, 2º e 3º Clasificado e 1º clasificado Veterano M40, Veterano M50

Categoría Femenina: 1º, 2º e 3º Clasificada e 1º clasificado Veterana M40, Veterana M50

Participante Concello Zas: Mellor clasificado Masculino e Femenino

Participante Socio Tabeirón Deportivo: Mellor clasificado Masculino e Femenino

- **Pitufos Mixto, Bexamín e Alevín Xuvenil, Cadete, Infantil**

Pitufos Mixto 1º, 2º e 3º Clasificado, resto de categorías:

Categoría Masculina: 1º, 2º e 3º Clasificado

Categoría Femenina: 1º, 2º e 3º Clasificado

Os premios son acumulativos por participantes en todas as categorías. O premio do Concello de Zas esixe estar empadrodo no municipio no día da proba.

13.1 CLASIFICACIÓN POR EQUIPOS.

Haberá un único premio que será correspondente á suma dos tempos dos **tres** primeiros/as corredores de cada equipo que realizara no recorrido completo do 10k en menos tempo real.

Ruta Longa: Mellor Equipo

A entrega de premios está programada para 23.00 horas na praza Jorge Mira.

14. NORMATIVA:

- a) **A Carreira Nocturna Porta Grande da Costa** rexerase pola regulamentación de Seguridade Viaria do Estado e da Comunidade Autónoma de Galicia, que establece os requisitos esixidos para a celebración de probas deportivas na vía urbana (*Real Decreto 1428/2003 do 21 de novembro, publicado no BOE nº 306 do 23 de decembro de 2003 sobre a ocupación da vía pública; e o Real Decreto 849/1993 do 4 de xuño de 2003, sobre a contratación do seguro de responsabilidade civil e de accidentes*).
- b) Todas as persoas participantes recoñecen e asumen, expresamente, o risco inherente á práctica deportiva en canto aun posible contaxio aínda cando a organización adopte toda una serie de medidas para que isto non se produza. Nalgúns casos a adopción de tales medidas poderá alterar ou modificar a dinámica habitual de desenvolvemento das competicións.
- c) A proba estará subscrita aos **seguros de responsabilidade civil** Asociación Tabeiron. Tamén contará cun **seguro de accidentes** que terá as coberturas mínimas esixidas no Real Decreto 849/1993.
- d) A proba contará cun **servizo médico-sanitario**, que constará dunha ambulancia e un médico se a proba non supera os 750 participantes.
- e) A organización da proba resérvase o dereito a modificar horarios, aprazar o suspender a carreira se así o estime oportuno por razón de seguridade.
- f) No caso de que para o día de celebración da proba se decrete una **alerta laranxa a proba será suspendida** automaticamente.
- g) Os atletas que durante o transcurso da proba circulen por fóra do espazo delimitado polos vehículos de sinalización de inicio e fin de carreira, consideraranse a todos os efectos usuarios normais da vía.
- h) Non se permitirá a participación de ningunha persoa que non estea inscrita na competición.

RESPONSABILIDADE: No momento da inscrición cada participante pon de manifesto que se atopan nunha forma física e psíquica óptima para participar nestas probas e assume, de igual maneira, o risco que comporta a práctica deportiva.

Os participantes están obrigados a auxiliar os accidentados e a respetar as normas de circulación en todos os cruces da estrada. En todos os cruces teremos persoal de apoio.

A organización non se fará responsable dos danos, prexuízos ou lesións que poidan sufrir os participantes destas probas ou que poidan ocasionar a terceiros, así como tampouco de cantos gastos, débidos a danos que se poidan contraer no transcurso do evento.

Os participantes renuncian polo tanto a emprender accións legais que poidan

derivada

participación na proba contra a organización da mesma.

i) **CAMBIOS:** A organización resérvase o dereito a realizar calquera tipo de cambio de carácter organizativo en beneficio dos participantes. Ditos cambios no caso de que se produzan deberán ser comunicados a través dos medios que consideren máis oportunos.

A organización resérvase o dereito de suspender, o prazo para proba cando se considere que está en risco a seguridade dos participantes ou se así o manifestan as autoridades competentes.

j) **PROTECCIÓN DE DATOS:** Todo participante, ao formalizar a súa inscrición, está autorizando a publicación dos seus datos persoais necesarios para o desenvolvemento da proba, xase en noslistados oficias, en medios de comunicación e/ou internet, así como, o seu uso para o envío de información relativa ao evento, incluídas posteriores edicións. Igualmente autoriza a que as imaxes recabadas (fotografía ou vídeo) se poidan utilizar de forma temporal en calquera publicación ou acción publicitaria, co fin de promoción e difusión do evento.

Cada participante é responsable da veracidade dos datos proporcionados na súa inscrición, e consintendo que ditos datos se incorporen nun ficheiro automatizado, do que é responsable a **Asociación Veciños Tabeirón de Baio** condomicilio **Campodo Rollos/N Baio, Zas A Coruña**

a. O titular dos datos terá dereito de acceso, rectificación, cancelación e oposición nos termos previstos na Lei Orgánica 15/1999 do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, adaptada á Normativa Europea (UE) 679/2016.

Ao mesmo tempo, informamos sobre a posibilidade de exercer os dereitos de acceso, rectificación e cancelación dos seus datos persoais que constan no ficheiro de Tabeirón Deportivo. Para exercer estes dereitos, poderán facelo a través da dirección de correo electrónico, asociacióntabeiron@hotmail.com

RESUMO FINAL:

1. OBRIGATORIEDADE PARA A PARTICIPACIÓN E A ENTREGA DO DORSAL, SERÁ IMPRESCINDIBLE AMOSAR

**2. OS MENORES DE 18 ANOS DEBERÁN PRESENTAR O CONSENTIMENTO DIRMADO POLO SEUSTI
TURES LEGAIS.**

3. NON SE ADMITEN DEVOLUCIÓN S D A INSCRIPCIÓN S

TELÉFONOS DE CONTACTO E INTERESE PRESIDENTE

TE: RAMÓN 651 992 623 RESPONSABLE PROBA: M

ARIO 645 817 725 RESPONSABLE COVID-

19: MANUEL 629 630 566 RESPONSABLE INSCRIPC

IONS: JOSÉ 600 900 164

HOSPITAL URXENCIAS CEE: 981 706 010 CENTRO

MEDICOVIMIANZO: 981 707 417

